

MONICIÓN

Empezamos o tempo de Pascua, que desde a celebración da Vixilia Pascual nos vai levar durante seis semanas á solemnidade da Ascensión, logo á de Pentecoste, na que celebraremos a presenza do Espírito Santo nas nosas vidas cristiás, na vida de todas as persoas e realidades que hai no mundo.

Durante este tempo de Pascua invitásenos a que nos aproximemos á experiencia daquelas persoas que dun xeito sorprendente tiveron a experiencia de que Cristo estaba vivo no medio delas, no medio da comunidade, no medio do mundo. Convidásenos a que realicemos nós mesmos esa experiencia de encontro con Cristo resucitado; cousa que non é cuestión de ningún tipo de maxia, senón cuestión de estar moi atentas/os á vida de cada día, pois é na vida de cada día onde Xesús se nos amosará a través de pequenos sinais que falan del, que nolo fan presente.

A Pascua é un clamor de vida, un clamor pola vida..

MONICIÓN ás LECTURAS

A lecturas de hoxe recórdannos que a Vida e o Espírito triúnfan sobre a morte. Xesús estaba vivo no seo do Pai, no corazón da comunidade, no corazón de cada persoa que lle abre as portas da vida, no corazón do mundo da solidariedade, que fora sempre o mundo de Xesús. Viron, entenderon e creron. E invítannos a todas e todos nós a un recorrido semellante. Desde a busca, desde a fe, desde o amor.

Evanxeo: (RICARDO)

HOMILÍA: (RICARDO)

ORACIÓN DA COMUNIDADE

Coa vitoria da esperanza, da luz e da vida, Cristo convídanos a seguir celebrando as súas pegadas, queremos dicirlle xuntos:

Que a nosa vida sexa testemuña dá túa Resurrección

Por todos os que traballan na acción social e son capaces de acompañar as persoas concretas, coñecendo as súas historias e sufrimentos, unindo esforzos, ilusións e esperanzas para seguir adiante. Porque iso é vida, OREMOS

Que a nosa vida sexa testemuña dá túa Resurrección

Por todas as persoas que durante estes 25 anos dedicaron o seu tempo, enerxías e creatividade a facer posible unha comunidade parroquial acollidora, humanizadora e evanxelizadora. Porque iso é vida, OREMOS

Que a nosa vida sexa testemuña dá túa Resurrección

Pola igrexa, para que interprete o misterio da túa morte como unha historia de amor compasivo que acolle e non xulga nin condena. Porque iso é vida,
OREMOS

Que a nosa vida sexa testemuña dá túa Resurrección

Grazas Señor por esta noite de luz, vida e esperanza. Que a forza da Palabra proclamada e compartida faga que non esquezamos que a fe supón sempre achega e preocupación polos irmáns e non costume nin tradición baleira. Por Xesucristo o noso Señor, Amén.

PRESENTACIÓN DE DONS

- (Carta) A nova da resurrección de Xesús, que foi transmitida polas mulleres, foi unha mensaxe de alento e esperanza para todos os que quixeron escoitalas. Ofrecemos esta carta como símbolo de que queremos ser para os demais transmisores de esperanza e de boas novas.
- (Corda) Señor Xesús, nesta noite na que rompiches todas as cadeas da morte e nos transmitiches vida e liberdade traemos ata tí estas cordas desatadas, porque non queremos unha Igrexa que ate, si non unha Igrexa que libere e acolla.
- (Cuncha) Neste ano no que celebramos os 25 anos desta nosa Parroquia, presentámosche esta cuncha coa que se bautizaron aquí moitos nenos e nenas, e nela presentamos tamén toda a nosa traxectoria como Parroquia e como familia de cristiáns que foi medrando e que queremos que o siga facendo.
- (Pan e viño) O pan e o viño tamén son símbolos da túa resurrección, porque neles decidiches quedar para sempre connosco.

ORACIÓN DESPEDIDA

Xa chegados ao final desta celebración de chea de vida, Señor, queremos darche as grazas. Grazas por ter gozado todos e todas xuntas da túa presenza entre nós. Grazas porque o teu espírito danos forzas cada día para seguirte. Axúdanos a manter a alegría de ter celebrado unha vez máis a Resurrección, que agora enche os nosos corazóns, e a ser luz para os que máis o precisan. Os faltos de cariño e atención, os pobres entre os pobres, os marxinados e os que se cren ricos e non o son tanto. Moitas grazas Señor pola túa inesgotable esperanza.